

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE XUÑO DE 2020

Ás 10:15 horas do día 5 de xuño de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 2 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral (asiste a todos os puntos agás ao 7)
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral (asiste ao punto 7)
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste ao punto 3)
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 7)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia en Vigo (23.976-332) (emenda de documentación persoal)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 28 de maio de 2020, o 1 de xuño, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. DIMOBA SERVICIOS, S.L.
2. SERVICIOS GALLEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S.L.
3. GRUPO SIFU GALICIA, S.L.
4. ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.
5. SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.



Todos os licitadores presentados e admitidos presentaron documentación en prazo.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. DIMOBA SERVICIOS, S.L.
2. SERVICIOS GALLEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S.L.
3. GRUPO SIFU GALICIA, S.L.
4. ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.
5. SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.

3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos municipais dependentes de Patrimonio Histórico (xacementos arqueolóxicos do Castro e Toralla e edificación de Villa Solita) (9.568-307) (emenda de documentación persoal)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 28 de maio de 2020, o 1 de xuño, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.
2. VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L.

Os dous licitadores presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L. e VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Solicitar informe ao servizo xestor en relación coas proposicións avaliadas mediante xuízo de valor abertas na sesión do 28 de maio de 2020.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia en Vigo (23.976-332)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 17:44	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A349-C1B122-EF88CE-Z4CT62-QC9QCZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



O arquivo presentado na proposición de SERVICIOS GALLEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S.L. ten un contrasinal que impide acceder ao seu contido.

Á vista da documentación presentada, a Mesa acorda, por unanimidade dos membros presentes, conceder un prazo de tres días a SERVICIOS GALLEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S.L. para que presente o contrasinal que permita acceder á documentación presentada no sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor". Se o licitador ten constancia de que o arquivo presentado no sobre C "Proposición avaliable a través fórmula" tamén ten contrasinal, solicítaselle que o facilite no mesmo escrito para os efectos de evitar novos requirimentos no momento no que se proceda á apertura do Sobre C.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria" (360-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 30 de maio de 2020, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ICEACSA CONSULTORES, S.L.U. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (8.922-336)

Dáse conta do recurso especial en materia de contratación interposto por ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. contra o acordo da Mesa de Contratación adoptado na sesión de 28 de abril de 2020, de exclusión do procedemento.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 17:44	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A349-C1B122-EF88CE-Z4CT62-QC9QCZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		